

BASES PARA O CUARTO CONCURSO DE RELATO CURTO “Somos cuidadores”

1.^a

PARTICIPANTES, AUTORÍA E ORIXINALIDADE DAS OBRAS

Poderán participar neste concurso todos os escritores maiores de 16 anos, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten relatos orixinais, inéditos e escritos en castelán ou en galego.

A presentación dun relato ao concurso implica necesariamente a aceptación íntegra e incondicional das bases descritas no presente documento.

Así mesmo, os participantes garanten:

- A autoría e a orixinalidade da obra presentada, así como que esta non se trata dunha copia, nin dunha modificación total ou parcial de ningunha outra obra propia ou allea.
- O carácter inédito da obra presentada e a súa titularidade exclusiva.
- Que a obra non estea sometida a ningún outro concurso pendente de resolución.

2.^a

TEMÁTICA DA OBRA

A temática abordará **a enfermidade de Alzheimer enfocada desde a visión dos cuidadores e a familia (cónxuxe, fillos, netos,...)** ou as relacións sociais da persoa enferma e/ou dos cuidadores familiares.

3.^a

CATEGORÍAS

Establécense dúas categorías. Cada unha delas premiará a mellor obra escrita nos dous idiomas admitidos, castelán e galego. Unha mesma obra non pode concorrer a ambas as categorías por medio da súa remisión nos dous idiomas.

4.^a

PRESENTACIÓN DE OBRAS AO CONCURSO

A extensión dos orixinais será dun máximo de tres folios (1000 palabras) e un mínimo dun folio e medio (500 palabras), a unha cara, tamaño DIN A-4, en letra Arial, tamaño 12 e interlineal de 1,5 liñas. Ademais, levará unha portada onde aparecerá o título da obra; o pseudónimo do autor ou autora, se o houbese, non é indispensable. Este documento levará por nome o título do relato.

Así mesmo, nun documento anexo, figurará de novo o título da obra, o pseudónimo do autor/a, en caso de habelo, e o nome e apelidos, xunto co seu enderezo completo, número de teléfono e copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte (pode ser unha imaxe escaneada ou fotocopia). Este documento levará por nome o título do relato seguido da palabra “datos”.

As obras serán presentadas de forma dixital (online). Soamente se pode presentar un traballo por autor/a.

Os traballos, nas condicións anteriormente establecidas (**aqueles que non cumpran todos os requisitos quedarán fóra de concurso**) poderán enviarse por correo electrónico a comunicacion@afaga.com ata o 20 de febreiro de 2018.

5.^a

XURADO E VOTACIÓN

O xurado, cuxa composición se dará a coñecer ao emitirse a resolución, terá as facultades de outorgar ou declarar deserto o premio e de emitir a resolución, así como de interpretar as presentes bases. A decisión do xurado será inapelable.

A resolución será dada a coñecer o 19 de marzo de 2018 a través dos distintos medios de comunicación de AFAGA: Web, Facebook, Twitter, Instagram e o Blogue O Recuncho do Coidador.

6.^a

PREMIO



Premiarase ao mellor relato de cada unha das categorías, consentindo o premio nunha tablet, un Smartwatch ou un eBook (o gañador escollerá un das tres opcións) para cada unha das categorías. A súa entrega realizarase nun prazo de 20 días, unha vez emitido o xurado o fallo.

Os nomes dos gañadores/ as, así como os finalistas, publicaranse no Blogue 'O Recuncho do Coidador', na web de Afaga, www.afaga.com, en Facebook, Twitter e Instagram.

7.^a

CESIÓN DE DEREITOS E PUBLICACIÓN DAS OBRAS

AFAGA dispoñerá de todas as obras presentadas para a súa publicación na forma e maneira que crea oportuno, salvo comunicación previa, expresa, fidedigna e por escrito do contrario por parte dos escritores participantes.

No momento en que unha determinada obra sexa seleccionada para a súa publicación se identificará o autor ou autora desta, salvo que designase pseudónimo coa intención de preservar o seu anonimato.